

Num. 268



Decembro 2008

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

Polo dereito á negociación colectiva dos prezos



T Á B O A

A Soberanía Alimentar, protagonista do FSGal 2008

O SLG ocupou un papel destacado neste encontro de organizacións sociais galegas celebrado en Compostela para artellar mobilizacións conxuntas na Galiza. **Páx.3**

18 Novembro: Primeiro prezos, despois contratos.

A negociación colectiva de prezos que cubran custos de produción e paguen o noso traballo é fundamental para manter a agricultura fóra do control das multinacionais. **Páx.5**

O SLG presente na V Conferencia da Vía Campesina en Mozambique

O neoliberalismo como inimigo común das labregas e labregos, a situación da muller, ou os impactos da agricultura industrial foron algúns dos temas tratados nesta reunión. **Páx.9**

A covardía política impide declarar Galiza ceibe de OMX's

Os e as parlamentari@s que nos representan non quixeron facerse eco das demandas da cidadanía. A PGA solicitará entrevistas con Anxo Quintana e Emilio Pérez Touriño. **Páx.11**

Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Vera-Cruz Montoto Vázquez
Colaboracións: Sandra
Varela, Carne Freire, Lidia
Senra, Manuel Docampo,
Isabel Vilalba, Xosé Pérez Rei
e Charo Sánchez Parga.

Deseño e maquetación:

Xosé García e Vera Montoto

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tif: 981 580449
Fax: 981 572570

www.sindicatolabrego.com

Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

R/ Touro nº 21, 1º. Tif: 981 588532

MELIDE - Praza do Convento nº2

ARZÚA - R/ Padre Pardo nº24, 1º D

Tifno: 981 508 177

MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns

CARBALLO - Río Sil nº 52. Baixo. 981

703169

SANTA COMBA - R/ Lugo, nº9, entr. esq.

Tif/Fax: 981 880909

ORDES - R/ Nova nº 38, 1º, 15680.

Tif: 981 682908

PONTE CARREIRA - Bar O Taxista

BETANZOS - Praza da Constitución nº 4,

1º. Tif: 981 773377

TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º

esq/ Tifno. 981 789 781

SAN SADURNIÑO - Lugar de Outeiro s/n

981 490430

AS PONTES - R/ Balsa nº 28

O BARCO - Casa sindical

Tif: 988 321511 / Fax: 988326723

CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.

Tif: 630 970 131

O CARBALLIÑO - Casa sindical

Tif: 630 970 131

VERÍN - Travesía de Sousas nº 20,

Galerías Maga Tif: 988 590438; Fax 988

590439

RIBADAVIA - CIG Casa Sindical.

Tif: 988 477230

Fax: 988477230

XINZO - Casa Sindical Tif: 988 462547

TRIVES - CIG Casa Sindical

Teléfono 699 924 634

VIANA DO BOLO Antigo centro de saúde.

Tifno. 629 621 047

LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent.

Tif: 982 231154

MONFORTE - Local da CIG en AISS. Tif.

982 403005

SARRIA - Rúa Nova 60, entrecrán.

982 533672

CHANTADA - Praza do Concello, baixos

AISS Tif/Fax: 982 462103

A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tif.

982 350 080

ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria

RIBADEO - Av. de Galiza nº20, 3º. AISS

Tif/Fax: 982 130615

LOURENZÁ - Av. da Mariña nº11, 1º. Tif.

982 121376

VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.

Tif: 982 512431

MEIRA - R/ Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño

Entrecrán E. Tif/Fax: 986792268.

A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º

Tif/Fax 986 573232

LALIN - Arenal nº1, 1º andar. Tif: 986 792

268

SILLEDA - Av. do Parque, 32

Centro comercial O Parque, oficina 12

986 580526

PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal

1ºA, 1ºC. 986 641508

Martín a xoves, de 10.00 a 13.00

O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edif.

Rosales, Tif: 986 625 394

O SALLÉS

Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,

Ribadumia. Tif: 986 711825

Xosé Ramón Cendán, Responsábel de Relacións Internacionais no SLG

“Cómpre manter o control da produción leiteira”



Xosé Ramón Cendán comezou a colaborar co SLG no ano 1977, incorporándose como traballador no 1980 e ocupando distintos cargos até o de Responsábel de Relacións Internacionais na actualidade. Tamén é membro do Consello da Coordinadora Europea Vía Campesina.

■ O pasado mes de novembro tivo lugar en Bruxelas a reunión das ministras e ministros da Comisión de Agricultura. O Sindicato Labrego Galego avoga polo artellamento dunha política agraria diferente aos acordos acadados nesta Comisión. Cal habería de ser esa política?

As produtoras e produtores de leite da Unión Europea xa non podemos aguantar por máis tempo a situación que estamos vivindo, provocada polas decisións totalmente erradas e a favor das industrias e das empresas de distribución de leite e produtos lácteos.

As baixadas de prezo medio da leite pagada ás labregas e labregos en Europa fan que en moitos países haxa un importante número de explotacións que están xa vendendo leite por embaixo dos custos reais de produción.

■ Que suporá entón o aumento gradual de cotas establecido pola Unión Europea até acadar a súa desaparición total no 2015?

Un aumento gradual das cotas é innecesario para cubrir a demanda da UE, sómentes fai baixar máis estes prezos.

responsábel de Sectores Gandeiros, concretou no mes de novembro as transformacións imprescindibles que precisamos a nivel europeo.

Primeiramente non se debe acordar ningún incremento da cota leiteira, senón que cómpre manter o control da produción despois do 2015 e mellorar o instrumento cota para que haxa un reparto xusto, equitativo e solidario entre as explotacións leiteiras en todo o territorio europeo.

En canto ás grandes diferencias existentes entre os custos de produción dos diferentes países, é imprescindible favorecer modos de produción sostíbeis en base a terra e facilitar o acceso á terra para poñer en marcha estes modos empregando a modulación ou pagos adicionais da PAC.

■ A libre circulación de mercadorías establecido no territorio comunitario, perxudica arestora gravemente ás gandeiras e gandeiros da Galiza, posto que diariamente as industrias lácteas importan os excedentes doutros países, obtidos mesmo por embaixo dos custos de produción neses lugares. Cal habería de ser o posicionamento da UE ao respecto dende o punto de vista do Sindicato Labrego Galego?

Non se debe permitir a exportación de produtos lácteos a prezos inferiores aos custos de produción e de posta no mercado, o chamado *dumping*, que tanto dende o SLG como dende a Coordinadora Europea Vía Campesina denunciemos e condenamos enerxicamente.

As importacións por embaixo destes custos teñen que estar prohibidas, sen termo medio, prohibidas totalmente. A política agraria común que temos agora carece de actitudes responsábeis, substituídas pola liberalización total.

■ Como podemos as gandeiras e gandeiros da Galiza fortalecer o noso papel dentro da UE?

Primeiramente, na Galiza, é totalmente necesario acordar a apertura dun verdadeiro proceso de negociación de prezos do leite para fixar prezos que cubran custos e remuneren o traballo de produción, e non regalar o noso futuro ás

industrias lácteas, cobizosas de conseguir o noso leite a prezos non regulados, a prezos que se impoñen dende a presión que as industrias operan sobre o sector produtor, amparados na falta de regulación para un produto de máxima necesidade como é o leite, ou o que é o mesmo, sen fixar un prezo base mínimo.

Dende o SLG consideramos que esta predisposición cara as necesidades empresariais en detrimento do coitado do sector produtor, non sómentes ten o obxectivo de aportarlle ás industrias uns grandes beneficios derivados da política de mercado depredadora que sufrimos na actualidade, senón que forma parte dun proceso de eliminación do sector produtor dentro da estratexia global do control da produción alimentaria.

Quen controla a alimentación controla os pobos, e as labregas e labregos, se somos moitos@s, somos máis difíciles de controlar.

Por outra banda, se seguimos romper o noso modo de produción dende as nosas explotacións, convertíranos en traballadores/as de fábrica, cunha xornada laboral que algúns dos partidos políticos mesmo desexaban ampliar en número de horas, idea que non consideramos casual que se lles ocorrera ás portas da crise económica global na que nos atopamos arestora, onde debido á precariedade, moitas persoas estarían dispostas a aceptar un emprego baixo as condicións que sexan.

Ademais, eliminar o sector produtor tal e como o coñecemos agora, o das nosas pequenas e medianas explotacións, será tamén incluír ás labregas e labregos na dinámica de consumo de alimentos da que pretenden facer esclava a toda a poboación.

As labregas e labregos temos unha posición forte coma cidadáns, xa que non temos unha dependencia tan grande do mercado de alimentos.

Ademais non entrarmos a engrosar os picos de consumo que pretenden crear dende as empresas, xa que malia as folgas de transporte, nós temos alimentos para a nosa xente na nosa casa.

Esta publicación está cofinanciada pola



DEPUTACION DA CORUÑA
www.dicoruna.es

FORO SOCIAL GALEGO, outra Galiza é posíbel

O SLG ocupou un papel destacado neste encontro de organizacións sociais galegas en Compostela

O Consello do Foro Social Galego, constituído o día 29 de marzo en Santiago de Compostela por mandato dunha Asemblea de Movementos Sociais celebrada o 26 de xaneiro na Ga-

liza, fixo un chamamento para a mobilización de todo o tecido social galego e toda a cidadanía do país, homes e mulleres que dun ou doutro xeito andan na procura dun outro

mundo posíbel. O pasado decembro tivo lugar en Compostela o primeiro Foro Social Galego, tres días de actividades coa participación de máis dun cento de organizacións sociais.



Intervención de Tareixa Ledo -asesora de formación do SLG- durante a multitudinaria sesión plenaria celebrada o sábado 6 de decembro baixo o lema *Perspectivas do Altermundismo*. Devandita sesión estivo introducida dende a mesa por -de esquerda a dereita- Xan Duro (Verdegala), Carlos Taibo (profesor de Ciencia Política na Universidade Autónoma de Madrid), Lupe Cés (Marcha Mundial das Mulleres), Lidia Senra (Sindicato Labrego Galego) e Xosé Manuel Beiras (Fundación Galiza Sempre). No seu turno de palabra dende a mesa de ponentes, entre outras consideracións Lidia Senra fixo fincapé en non quedar no simple debate entre as persoas integradas en movementos sociais, senón que urxe levalo a toda a sociedade.

Co lema "Pensar e construír alternativas desde Galiza" o FSGal estivo artellado arredor de actividades autoorganizadas e autoexestiónadas polos movementos sociais galegos adheridos ao proceso.

As actividades enmarcáronse dentro de catro eixes temáticos: *Modelo económico e límites do crecemento, Vida e traballo, Soberanía e diversidade fronte a uniformización e imperialismo, e Defensa das liberdades e dereitos sociais*

Tras debatirmos conxuntamente problemáticas e obxectivos, os movementos sociais

comproméñense a crear alianzas para levar a cabo mobilizacións contra o neoliberalismo durante o 2009, no que se prevé unha intensa actividade dos movementos sociais antisistema en todo o mundo.

Acontecementos próximos a nós, como serán as eleccións do un de marzo, así coma outros que terán lugar en sitios máis distantes pero que repercutirán na sociedade galega -como cumio do G20 que terá lugar en Londres o vinte de abril ou as reunións para a ampliación dos Tratados de Libre Comercio- teñen que ser instrumenta-

lizados pola sociedade civil para dar a coñecer as súas reivindicacións e impoñer un cambio que supoña o fin dunha era baseada nas transaccións monetarias: o reinado do imperio das finanzas.

Cómpre unírmonos para destruír o actual sistema pro-capitalista e anti-persona.

Tanto as persoas individuais como os colectivos interesados en participar no FSGal poden adherirse na páxina <http://www.forosocialgalego.org>, na que irá aparecendo toda a información que vaia xurdindo sobre o mesmo.



A Secretaria Xeral, Carme Freire, durante a súa intervención no debate *Soberanía Alimentaria: Unha alternativa á crise provocada polas políticas agrarias e alimentaria*. Á esquerda, o histórico sindicalista agrario Paul Nicholson (Vía Campesina e sindicato vasco EHNE), á dereita Isabel Vilalba, representante do SLG na Iniciativa pola Soberanía Alimentar dos Pobos.



A Secretaria de Medioambiente, Terra e Montes, Charo Sánchez Parga -a segunda comezando pola dereita- foi unha das ponentes no debate *Galiza fronte ao cénit do Petróleo: Consecuencias socioeconómicas e resposta política*.



REIVINDICANDO O PRODUTO CASEIRO. O SLG foi o encargado de alimentar aos/as centos de activistas sociais participantes no Foro Social Galego. O xantar, integrado por produtos caseiros elaborados por afiliadas e afiliados maiormente da comarca, constituiu un acto de reivindicación do produto caseiro, hoxendia baixo ameaza de usurpación segundo as condicións de elaboración recollidas no Decreto de Artesanía Alimentar da Galiza, rexeitadas polo SLG (pax.7).

Editorial

Illegal? Irreal? Utópico? Ou prezo francés?

O debate que está introducindo o Sindicato Labrego Galego sobre o dereito á negociación colectiva dos prezos para os produtos agrarios e sobre a necesidade de que estes prezos cubran os custos e o traballo de produción, ten alterado aos sectores neoliberais na Galiza.

Uns, dende a Administración galega e máis concretamente dende a Consellaría competente na materia, din que establecer prezos mínimos para o leite é **ILEGAL** e sacan como solución un contrato, no que no apartado adicado ao mesmo dise: *“o prezo a aplicar polo leite estará conformado polo prezo do leite tipo libremente pactado entre as partes”*.

Outros sectores din que a proposta do Sindicato Labrego Galego é **IRREAL**, pero non din por que, ou alomenos non dan unha explicación adecuada.

Tamén e, sobre todo, entre os que asinaron o contrato homologado sen prezo, reivindicán agora prezo francés para o contrato.

Primeiro non son capaces de dar a batalla para negociar o prezo e agora queren importalo de Francia.

E, hai tamén quen cualifica a proposta de **UTÓPICA**.

Con todos estes e outros cualificativos que poidan darlle ás propostas do Sindicato Labrego Galego, o que fan é tratar de enmascarar que no fondo están de acordo en que sigamos sendo fornecedoras e fornecedores de materia prima barata para as empresas e a distribución. Pode ser o leite como é o caso que nos ocupa, pero pasa o mesmo coas patacas, as carnes, as uvas, as froitas, as verduras, ...

Volvendo ao contrato, “prezo libremente pactado entre as

partes”. Isto non o cre ninguén, e dende logo supoño que o Conselleiro e o seu equipo tampouco.

Todo o mundo sabe que a nivel individual non hai ningunha posibilidade de negociar e que o prezo será sempre unha imposición do máis forte.

As empresas son sempre máis fortes que unha explotación individual por moi grande que sexa.

Na experiencia galega, a liberdade é tanta que nin sequera podemos escoller libremente a empresa á que lle queremos vender o leite, pois todo o mundo sabe que é totalmente imposible.

IRREAL. Un prezo mínimo que cubra custos e remunere o traballo do labrego ou da labrega é irreal, por que? Que ou quen impide valorar cales son estes custos, cal debe ser o salario de quen traballa producindo leite ou calquera outro alimento e, a partires de aí engadir os custos de transformalo e comercializalo?

Con certeza que o que impide facer isto é que o gran capital non está disposto a que haxa unha redistribución da riqueza.

Se realmente se fixaran os prezos desta maneira, as industrias e distribución gañarían menos. Isto é o que agochan quen califican a proposta de irreal.

PREZO FRANCÉS. Isto ten o seu avel.

O primeiro que a unha se lle ven á mente é ¿imos deixar logo que os e as francesas negocien por nós o prezo do noso leite?

A segunda cousa é: se ese prezo lle vale, por que non utilizan aquí os mesmos mecanismos para fixalos, pero de acordo coa nosa realidade?

E a terceira é saber se os custos de produción de Francia, teñen algo que ver cos nosos?

Para responder ao primeiro

interrogante, córréseme a palabra colonización, nós non servimos para negociar e imos delegar neles que saben ou valen máis. Así imos mal.

O segundo é que xa nestes momentos, a Confederation Paysanne e o Modef (organizacións agrarias francesas) están cuestionando fortemente os criterios para a formación dos prezos porque se basean unicamente no leite que exportan (un 7%) e non teñen en conta o mercado interno.

Isto provoca tamén para as explotacións francesas prezos moi baixos nestes momentos.

A terceira, moi importante tamén para nós, os nosos custos de produción non teñen nada que ver cos de Francia. Os nosos no 2007 foron de 0,37 € por litro, en Francia agora mesmo están entre 0,30 e 0,32.

Evidentemente as políticas sobre a terra alí posibilitan unha ampla base territorial na mentras que aquí as nosas terras destináronas a eucaliptos e a pinos.

Por outro lado, nós temos que amortizar fortes investimentos en cotas e alí non, porque a cota distribuíase sen pagar, non había mercado. Esta é outra forma de enganar á xente, para que todo siga como está.

UTÓPICA, quen así a califica pretende facer crer á sociedade que é imposible chegar á meta.

Nós sabemos que a loita e resistencia a someternos ao pensamento único do capitalismo, e que se manifesta claramente atacando a proposta do SLG, é o que nos fai avanzar para chegar a outra Galiza posíbel, na que as labregas, os labregos e o conxunto da cidadanía podamos vivir dignamente do noso traballo.

Polo dereito á negociación colectiva dos prezos

Labreg@s de toda Galiza botáronse á rúa o 18 de novembro co SLG: Primeiro prezos, despois contratos



O pasado 18 de novembro o Sindicato Labrego Galego convocou baixo o lema xeral "Polo dereito á negociación colectiva dos prezos" unha manifestación que partiu da Consellería do Medio Rural, rematando diante da sede oficial da Presidencia da Xunta da Galiza, na Praza do Obradoiro.

Desprezar a produción láctea argumentando que é imposible calcular e fixar un prezo mínimo constitúe unha minusvaloración do noso produto canto menos sospeitosa nun momento no que atopamos unha amplísima gama de produtos lácteos fortemente asentados nos estantes das tendas e na dieta da cidanía.

É máis que claro que o leite é un dos produtos básicos de máxima necesidade. Calma a sede, mata a fame. É un produto tan necesario que as empresas cobizan o seu control total para a inclusión no sistema produtivo industrial: grande rendemento con baixos custos de produción.

E nos cálculos de custes de produción das empresas, entramos nós: as gandeiras e gandeiros. Así que canto menos cobremos, máis marxe de beneficio acadan.

Se non temos prezo, non valemos nada.

No contrato do leite, na cláusula do prezo, dise: "o prezo será o que acorden libremente vendedor e comprador". O de "libremente" é unha farsa, todo o mundo sabe que son as empresas as que impoñen absolutamente todo.

No tocante aos prezos de mercado: outra farsa. Os prezos de mercado márcanos industrias e distribución co único criterio de gañar máis e apoiar a industrialización do proceso de produción de alimentos. Aquí quen sempre perde son labregas e labregos e o conxunto da cidadanía.

O SLG defende o establecemento de prezos mín-

imos que cubran custos e traballo.

O dereito á negociación colectiva dos prezos e que estes inclúan custos e traballo de produción é fundamental para manter a agricultura e a alimentación nas mans da cidadanía e fóra do control das multinacionais.

A falla de unidade sindical

Na Asamblea Nacional aberta convocada polo SLG o pasado nove de outubro, gandeiras e gandeiros acordaron - ademais de esixir a convocatoria urxente da mesa do leite, entre outras accións- acadar unha unidade de acción sindical que permita ao sector lácteo afrontar a presión das industrias e a falla de compromiso co sector demostrada pola Consellería do Medio Rural.

Carme Freire Cruces, Secretaria Xeral do SLG, púxose en contacto en primeiro lugar co Secretario Xeral de XXAA, Paco Bello, a fin de retomar o compromiso adquirido na assemblea que tivera lugar en setembro en Sta. Comba para deseñar mobilizacións xuntas pola defensa do prezo no sector lácteo, como sucedera na grande manifestación que tivo lugar o pasado 30 de abril, nun momento caracterizado pola grande forza das protestas, e que foi neutralizado coa farsa do contrato sen prezo para o leite.

A resposta foi a convocatoria unilateral dunha mobilización para o 18 de novembro por parte de XXAA e UUAA, da que o SLG tivo coñecemento polos medios de comunicación.

Esiximos a convocatoria urxente da Mesa do Leite



No interior da Consellería do Medio Rural.

O catorce de novembro o SLG pechouse na Consellería do Medio Rural (CMR) para esixir que se volva a poñer en funcionamento a Mesa do Leite como foro de negociación do prezo entre todas as partes implicadas no conflito do sector lácteo.

A convocatoria da Mesa é necesaria para levar a cabo a negociación colectiva do prezo base mínimo a especificar nos contratos do leite, condición que o Sindicato Labrego considera imprescindible para a súa posta en marcha.

Finalmente fumos recibid@s polo xefe de gabinete da CMR, quen tras un par de horas de reunión, acordou emitir dende a consellería o seguinte comunicado:

A Consellería do Medio Rural transmitiulle aos/as representantes do Sindicato Labrego Galego, diante da súa petición de convocatoria da Mesa do leite para abordar o tema dos prezos, que se as outras dúas organizacións estaban dacordo, farían efectiva a convocatoria.

XXAA e UUAA non estiveron dacordo en que se convocara a Mesa do leite e preferiron seguir coa comparsa de negociación na Comisión de Seguimento. A CMR sigue avalando esta comparsa a día de hoxe.

Analizamos a situación do sector lácteo canda organizacións estatais e europeas

No marco do Seminario Internacional do leite convocado polo Sindicato Labrego Galego en Ribadeo

A xestión dos mercados estase a realizar hoxe en día dun xeito globalizado, xa que así élle máis cómodo ás grandes empresas, ás máis influíntes, que ao atópanse xa expandidas a varios países, aspiran a unificar os criterios de mercado para controlalo mellor.

Tanto é así que mesmo non teñen reparos en ofrecernos aos e ás produtores/as galeg@s o prezo d@s franceses/as, como se negociou na Comisión de Seguimento do Contrato Homologado (XXAA, UUAA, AGACA e industrias), facéndose público o pasado 7 de outubro.

É fundamental estarmos en contacto cos produtores e produtoras doutros países, intercambiando experiencias e, sobre todo, obtendo información verídica da situación na que se atopan ao respecto de temas clave como os prezos ou a implantación de contratos.

Durante os días tres e catro de novembro reunímonos en Ribadeo con representantes das organizacións

labregas CP de Francia, FUGEA de Bélxica, CNA de Portugal, ABL de Alemaña, COAG do Estado español, EHNE do País Vasco, UGAM de Cantabria e COAG de Asturias, co fin de analizar a situación pola que estamos atravesando as produtoras e produtores de leite en Europa.

Neste encontro constatamos que o nivel de prezos que se está a pagar ás explotacións é claramente insuficiente, atopándose a miúdo por embaixo dos custos de produción.

A política agraria que se está aplicando na UE, da que forman parte tamén os prezos baixos, está a provocar o peche continuado de explotacións e a destrución do medio rural en tódolos países, deixando a alimentación en mans das industrias e da distribución.

Ante esta situación, á que tampouco é allea a decisión de aumentar cada ano a cota europea até facer

desaparecer o sistema de control de produción no 2015, tomamos os seguintes acordos:

■ Esixir a eliminación das trabas políticas coas que pretenden destruír a negociación colectiva dos prezos do leite.

■ Esixir a fixación de prezos mínimos negociados que cubran os custos e o traballo de produción en toda Europa.

■ Rexeitar o incremento da cota europea.

■ Esixir que se manteña o control da produción de leite en Europa.

■ Políticas que potencien as producións en base á terra.

Acordamos igualmente seguir traballando na procura de alianzas con todas as organizacións que defendan estas posicións, reforzando a loita para que a produción de leite continúe nas mans dos produtores e produtoras en toda Europa.

SUPLEMENTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

AS DISTINTAS FASES DO TRABALLO CON FITOSANITARIOS



1. ALMACENAXE

- Almacene os produtos químicos selados no seu envase orixinal; nunha bodega fresca, seca, segura, ben ventilada, nun área restrinxida para este tipo de produtos, separados de alimentos para o gando, sementes e outros vexetais.
- Mantéñalos retirados do calor e do lume.
- Almacene os produtos nun lugar seguro e ben ventilado, fóra do alcance dos nenos e persoas non responsables.

2. TRANSPORTE

- Verifique que os envases e etiquetas estean en bo estado.
- Non transportalos xunto con produtos comestíbeis.
- En caso de accidente, manteña alonxados aos espectadores, prohibindo fumar ou empregar calquera chama desnuda nas vecindades de aquel.

3. ANTES DA APLICACIÓN

- Adquirir os produtos nos seus envases orixinais, en establecementos autorizados e solicitar a ficha de seguridade do produto ó proveedor.
- Ler atentamente a etiqueta do produto e a ficha de seguridade ei está dispoñible, cumprindo rigorosamente as recomendacións tanto de seguridade como técnicas especificadas nelas.
- Adoptar as precaucións dende as operacións previas, ó medir a cantidade de produto, vertelo, mesturalo ou cargalo. Efectuar estas operacións ó aire libre ou nun local ben ventilado.

- Verificar que se utiliza o equipo adecuado que se especifica na ficha de seguridade do produto (traxe, luvas, gafas ou viseira, mascariña, etc.) e comprobar as especificacións dos Equipos de Protección Individual (EPI) seleccionados.

- Retire do cultivo a persoas ou animais domésticos. Non permita que se acheguen mentres se está aplicando.

4. DURANTE A APLICACIÓN

- Utilizar maquinaria de pulverización ou espolvoreo axeitada e en bo estado.
- Non beber, comer ou fumar no mesmo lugar ou nos arredores onde se realicen traballos de fumigación.
- Levar a bebida, comida ou tabaco en recipientes herméticos para evitar a súa contaminación.
- Non traballar nunca en contra do vento.
- Non desatascar as boquillas ou outras partes dos aparatos de fumigar soprando coa boca **BAIXO NINGUNHA CIRCUNSTANCIA**.

5. DESPOIS DA APLICACIÓN

- Se a etiqueta establece prazos de espera, sinalizar a zona tratada de maneira axeitada por medio de carteis indicativos ben visibles. No cartel farase constar a

frase: "TRATADO CON PLAGUICIDAS", xunto coa data do tratamento, a data ata a que é perigoso acceder ó campo e o NOME COMERCIAL do praguicida.

- Conservar o produto sobranse no seu envase orixinal e hermeticamente pechado.
- Limpar o equipo de aplicación axeitadamente
- Cambiar a roupa de traballo, lavalas de forma separada e tomar un baño ou ducha.
- Respetar o tempo mínimo de prohibición absoluta de acceso ó campo tratado segundo as recomendacións indicadas na etiqueta do produto.

6. ELIMINACIÓN DE ENVASES

- Selar e almacenar os envases parcialmente utilizados.
 - Realice triple lavado dos envases baleiros, posteriormente destrúalos para evitar que sexan usados novamente.
 - Compre informarse sempre si as Administracións públicas con competencias na materia teñen en funcionamento algún sistema de recollida e xestión destes envases (Por si solas ou en colaboración con certas entidades privadas.)
- Nalgunhas Comunidades existen un incinerador ou vertedoiro autorizado pero de momento non é este o caso en Galiza.

EN TODO CASO NUNCA DEBEN SER ENTERRADOS.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Dirección Xeral de Relacións Laborais

Únete á Mutua Lider

en Experiencia,
en Crecemento,
en Cobertura...



Unha tempada máis,
en **AGROMUTUA** renovámolo
noso Compromiso cos asegurados
e aseguradas. **EXPERIENCIA,
CRECIMENTO E COBERTURA**
son os grandes valores dunha Mutua
Líder para garanti-la túa renda,
o teu patrimonio e o Futuro do Campo.



**Campaña
de contratación
2008**

agromutua@agromutua.es
www.agromutua.es

AGROMUTUA
O noso Seguro do Campo

SEDE SOCIAL

R/ Pérez Pujol, 5-1º
46002 Valencia
Tel.: 963 530 342
Fax: 963 531 196

OFICINA MURCIA

R/ Matadero Viejo, 6
Edif. Segura 1º D
30002 Murcia
Tel.: 968 901 410
Fax: 968 901 510

Rexeitamos a inclusión do produto caseiro no Decreto de Artesanía Alimentar da Galiza

O martes 25 de novembro, debatiuse na Comisión Permanente do Consello Agrario, entre outros puntos, que a produción caseira sexa regulada polo Decreto de Artesanía Alimentar de Galiza.

O Sindicato Labrego Galego mostrou o seu rexeitamento a esta inclusión dende o primeiro momento por establecer condicionantes inasumíbeis polas labregas e labregos, lexitimas/os produtoras/es deste tipo de alimentación, constituíndo este decreto un texto a medida das empresas da alimentación, que nos cobizan facer o seu prestixio do produto caseiro, consolidado grazas ao noso saber facer.

Ao día seguinte, a Consellaría do Medio Rural deu por aprobada "por acordo unánime de todos os representantes do sector na Comisión Permanente do Consello Agrario" o Decreto de Artesanía Alimentar de Galiza.

Perante desta farsa, o SLG emitíu unha nota de prensa na que dimos a coñecer que, como consta en acta, a propia Consellaría na sesión da Permanente do Consello Agrario



Na mañá do 25 de novembro establecimos unha mesa de información reivindicativa do produto caseiro na praza do Toural.

comprometuse a revisar o texto en dous aspectos fundamentais que o SLG presentou para a súa revisión antes de dar por definitivo o texto do Decreto:

■ É inadmisíbel permitir que unha explotación que fai produtos caseiros teña catro asalariados, xa que iso non é unha pequena explotación: é unha empresa.

■ Tampouco estamos dacordo en que se abra a posibilidade de que as empresas poidan considerarse como comercializadoras de produtos caseiros, cumprindo no seu defecto a potenciación de circuitos curtos des distribución que fomenten o contacto directo entre produtoras/es e consumidoras/es.

Asemade, na acta da sesión da Comisión Permanente do

Consello Agrario recolleuse como voto particular do SLG a introdución no texto do feito de que as normas hixiénico-sanitarias europeas permiten a flexibilidade e a excepcionalidade; dereito que o texto non recolle e que para o SLG é fundamental, para nun futuro facer a defensa dos produtos diferenciados e de calidade que nas explotacións se elaboran e que non terían cabida na normativa hixiénico-sanitaria. Temos exemplos dunha anterior aplicación do criterio de excepcionalidade no pan de Cea ou no queixo de Cabrales.

O Sindicato Labrego Galego presentou alegacións a estes puntos por seren cuestións que comprometen gravemente a produción caseira.

As administracións galega e estatal non están cumprindo coas axudas prometidas ao sector cárnico

O SLG denunciou a principios de decembro o incumprimento tanto das axudas aprobadas ós sectores de vacún, ovino e caprino, como das axudas a razas autóctonas en extensivo, aprobadas xa dende o mes de abril.

Nin as axudas directas aprobadas como a do CES (Contrato de Explotación Sustentábel) nin as de razas autóctonas, prometidas na primavera do 2008, fixéronse inda efectivas, constituíndo un incumprimento absoluto dos compromisos adquiridos tanto pola Consellaría de Medio Rural como polo Ministerio.

A realidade é que no 2008 as explotacións de carne non cobraron ningunha axuda das prometidas, nen sequera as agroambientais que foron substituídas polo CES.

Razas autóctonas

O vinte de novembro o SLG xa solicitara á Consellaría do Medio Rural que se establecieran mecanismos para non denegar as solicitudes de subvencións de razas autóctonas entregadas no día 26 de maio, xa que son un número considerábel, máis de un cento, e ademais é de dominio público que máis de unha Delegación Provincial da Consellaría informou de que



Rolda de prensa de C. Freire, Secretaria Xeral do SLG e A. Cabarcos, Secretario de Sectores Gandeiros, para denunciar o impago das axudas institucionais ao sector.

o prazo remataba no día 26.

Non pode ser casual que tantas solicitudes se entregaran fóra de prazo, e todas elas no día 26; máis ben parécenos que este feito é debido a unha mala información, e que polo tanto non deben ficar anuladas tantas solicitudes. Por outra banda estamos seguros de que esa información errada partiu da propia Administración, razón pola cal as solicitudes fóra de prazo concéntranse nas comarcas onde se informou deste xeito.

O sector lácteo e a alimentación galega e de calidade, preocupacións da nosa mocidade

Os centros sociais A Gentalha do Pichel e Reviravolta realizaron charlas informativas coa colaboración do Sindicato Labrego Galego



C.S. A Gentalha do Pichel autoxestiónase dende o seu comezo, no ano 2005.

No mes de novembro, en pleno conflito do sector lácteo e baixo a ameaza dos contratos homologados sen prezo base mínimo para o leite, o centro social A Gentalha do Pichel (Compostela), púxose en contacto co SLG a fin de argallar unha charla informativa sobre a actual situación do sector na Galiza.

Lidia Senra foi a encargada de transmitir a análise do Sindicato Labrego Galego, dando conta tamén da situación dos produtores/as franceses/as e chamando a atención sobre a insostenibilidade dos modelos de produción intensiva industrial instaurados nos

EEUU dende os anos oitenta, cara onde semellan levarnos as actuais políticas agrarias europeas.

Tra-la palestra tivo lugar unha cea temática con produtos lácteos achegados pol@s asistentes. Asemade, a Gentalha do Pichel organizou para eses días unha exposición fotográfica adicada ao sector lácteo.

A Gentalha do Pichel é tamén na actualidade punto de entrega e recollida de cestas de alimentos de compra directa, favorecendo a relación sen intermediarios entre produtoras/es e consumidoras/es da Galiza.



O C.S. autoxestionado Reviravolta abriu as súas portas en decembro do 2003.

Perante do anuncio da próxima apertura do local dunha multinacional norteamericana da comida-lixo na cidade de Pontevedra, a rapazada do centro social Reviravolta organizou unha charla informativa o trece de decembro.

Lidia Senra, Secretaria de Organización do SLG e responsable de sectores gandeiros na Coordinadora Europea Vía Campesina, abordou o coñecemento do consumidor e artificial deste tipo de comida rápida, apoiándose en extractos do documental "Súper engordame" ("Super size me").

Tanto dende o SLG como por parte

das persoas asistentes, salientouse como fundamental a necesidade de que, por unha banda, produtoras/es desenvolvesen e recuperen a comercialización dos seus produtos en circuitos curtos de distribución e, por outra parte, que os consumidores se conciencien e comprometan a adquirir alimentos obtidos ou elaborados pol@s labreg@s da Galiza cos métodos tradicionais.

Vindeiras iniciativas, como facer un cocido e servilo na rúa onde está prevista a apertura desta multinacional ianqui da comida lixo, visibilizarán as reivindicacións da mocidade pontevedresa.


XENÉTICA PROPIA PARA GANDO CON FUTURO



Bos Allen CUXA ET




Bos Convincer GYPSY



Mantoño DUNO



Bos James CHAMOSO



Mario XACOBEO



XACOBEO
Nº 1 de España

EMBRÍONS
XOVENCAS
TOUROS NOVOS
FAMILIAS DE VACAS
SEMENTAIS PROBADOS

MARIO XACOBEO ET TL TV MB-89
+1.181 QG.L. ESTATURA: +2,98
+30 QG.PROT. ANGULOSIDADE: +2,40
TIPO: +3,54 UBRE ANT.: +4,02
UBRES: + 3,48 PROF. DO UBRE: +3,27
PATAS: +2,43

PROGRAMA de MELLORA
GANDEIRA de GALIZA
www.melloragandeira.com



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



V Conferencia Internacional da Vía Campesina en Maputo (Mozambique)

O ENCONTRO SOCIAL LABREGO MÁIS IMPORTANTE DO MUNDO

Baixo o lema “Soberanía alimentaria, coa loita e a unidade dos pobos”, representantes de organizacións labregas de todo o mundo participaron do 16 ao 23 de outubro na V Conferencia Inter-

nacional da Vía Campesina en Maputo, Mozambique. A Vía Campesina, na que o SLG está inserto dende a súa creación no 1992, consolidouse coa incorporación de novas organizacións

nos catro continentes, como un dos movementos sociais do mundo de maior entidade; enfrontando en primeira liña as políticas neoliberais das empresas transnacionais.



Este movemento une a máis de 132 organizacións de pequenos labregos e labregas, así como traballadores e traballadoras agrícolas en máis de 60 países.

A LOITA POLA SOBERANÍA ALIMENTARIA E EN CONTRA DAS TRANSNACIONAIS

Durante a V Conferencia, ratifícase como eixe central de loita a consecución da soberanía alimentaria, a crítica ao neoliberalismo e a oposición á incorporación da agricultura nos acordos de libre comercio, cun proxecto netamente anticapitalista.

Na resolución final, a Vía Campesina denuncia a “feroz ofensiva do capital e das empresas transnacionais sobre a agricultura e os bens naturais (auga, monte, minería, biodiversidade, terra, etcétera), que se traduce nunha guerra de saqueo contra os pobos labregos e indíxenas, utilizando pretextos falsos como os argumentos erróneos que presentan aos agrocombustibles como unha solución ás crises climáticas e enerxéticas, cando a verdade é todo o contrario.

No momento no que os pobos exercen os seus dereitos e resisten este roubo xeralizado, ou cando son obrigados a ingresar nos movementos migratorios, a resposta foi máis criminalización, máis represión, máis presos políticos, máis asasinatos, máis muros da vergoña e máis bases militares”.

AS ACTUAIS CRISES AMOSAN A NECESIDADE DE PÓR EN MARCHA AS PROPOSTAS DA VÍA CAMPESINA

Coas actuais crises alimentaria mundial, enerxética e económica, así como co quecemento global fíxose evidente non só a viabilidade senón a necesidade de pór en marcha as propostas da Vía Campesina.

As súas análises principais gañan paulatinamente presenza e prestixio noutros sectores sociais, en organismos multinacionais, e mesmo en gobernos.

O concepto de soberanía alimentaria forma xa parte das constitucións de Venezuela e Nepal, e, moi proximamente, de Bolivia.

Joao Pedro Stedile, dirixente do Movemento sen Terra de Brasil, salientou que se trata dunha guerra do campesiñado contra as transnacionais, e ou “estas conseguen a súa pretensión de roubar e controlar a nosa terra, as sementes e a auga, ou nós resistimos ata que se lles acabe o seu marabilloso capitalismo”.

A VÍA CAMPESINA DENUNCIA OS IMPACTOS DA AGRICULTURA INDUSTRIAL

Dena Foff, representante da Coalición de Granxeiros familiares de Estados Unidos, denunciou a competición das corporacións transnacionais cos cidadáns do mundo por ter o dominio do planeta, sobre os seus recursos e o seu goberno.

As propostas da Vía Campesina mostran de xeito innegable as múltiples consecuencias negativas do modelo de agricultura industrializado, baseado no emprego intensivo dos recursos naturais, no petróleo e os seus derivados, e na explotación de labregos e labregas en todas as partes do mundo.

As accións da Vía Campesina foron de suma importancia para impedir a aprobación da Ronda de Do-

ha e impedir que se meta a agricultura na Organización Mundial do Comercio (OMC), e os seus afiliados e afiliadas participaron activamente en loitas contra a Área de Libre Comercio de las Américas (ALCA), os Tratados de Libre Comercio..., en contra das sementes transxénicas e da tecnoloxía terminator, ou na presión contra os programas do Banco Mundial para a reforma agraria con criterios de mercado.

Ibrahim Coulibari, líder labrego dunha organización de Mali, falou da destrución do continente africano polas políticas neoliberais, privando aos labregos e labregas do acceso á terra, a auga e os recursos para producir alimentos, e apoiando as élites locais e as empresas que producen para exportar, mentres os seus pobos morren da fame.

“A escravitude non foi eliminada, só foi modernizada”, sentenciou Ibrahim.

LABREGOS E LABREGAS, E ORGANIZACIÓNS SOCIAIS DE TODO O MUNDO NA MESMA LOITA



Isabel Vilalba, responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG (cuarta dende a esquerda), participou canda Xosé Ramón Cendán, Secretario de Relacións Internacionais do SLG, neste encontro labrego.

A Vía Campesina denunciou a explotación de migrantes, a ocupación de terras e o desprazamento de millóns de persoas labregas por parte das transnacionais, con gran influencia nos gobernos, en diferentes lugares de todo o mundo como Malasia (agrocombustibles), en Turquía (terras que logo ocuparían Cargill, Philpp Morris...), en India (automobilística Tatta e a Coca Cola), Francia (transxénicos), Brasil (eucaliptos e agrocombustibles)... Para combater estas políticas, a Vía Campesina destacou a importancia de establecer alianzas con outros movementos e organizacións sociais con intereses en común, promovendo a loita por reformas agrarias integrais, o control e reprodución das sementes, a prevalencia dos mercados locais de produtos alimentarios e o desenvolvemento de técnicas de produción agroecolóxicas e a conservación da agricultura tradicional, e en definitiva na busca da soberanía alimentaria dos pobos.

Celebrado na Galiza do 19 ao 22 de novembro co obxectivo de mellorar o rendemento dos nosos montes

I CONGRESO INTERNACIONAL DE VALORACIÓN INTEGRAL DO MONTE



O uso social dos nosos montes foi un dos aproveitamentos salientados no I Congreso Internacional de Valorización Integral do Monte, e comprende todos aqueles aspectos que fan chegar o monte á sociedade e que lles permite disfrutar do mesmo, podendo apreciar así a riqueza dos nosos bosques e tomando conciencia da necesaria inversión nos mesmos. A este respecto tocáronse tódolos aspectos referentes a áreas recreativas, rutas de sendeirismo, turismo rural, función ambiental dos montes, ...

Os debates que tiveron lugar ao longo do I Congreso de Valorización do Monte centráronse en analizar e presentar alternativas de aproveitamento que permitan unha xestión integral e sustentable do monte.

Outro punto fundamental foi a posta en valor dos recursos presentes no mesmo, despois dunha etapa de mero produtivismo -entendendo este termo como a busca a ultranza do beneficio económico a curto prazo, obtido coa venda de madeira de especies de crecemento rápido- e o abandono que sufriu o monte galego nas últimas décadas.

Nesta liña desenrolouse o congreso, que nesta primeira edición do 2008 estivo adicado ós aproveitamentos non madeirables.

As sedes foron a cidade de Santiago de Compostela e a vila de Silleda (coincidindo coa Feira Internacional Semana Verde).

O evento estruturouse en torno a tres áreas temáticas, nas que o Sindicato Labrego Galego e a Asociación FROUMA tiveron presenza activa.

FROUMA formou parte do Comité asesor, exercendo de moderadora nas mesas de debate.

Estas áreas desenvólvense paralelamente nas distintas salas habilitadas, exceptuando os relatos marco de cada apartado que tiveron un carácter xeral para tódolos asistentes.

O silvopastoralismo foi un dos aproveitamentos analizados, no que se trataron tódolos aspectos relacionados coa presenza de gando nos montes, que axuda a reduci-lo mato, contribuindo á prevención dos incendios forestais.

Ademais, o silvopastoralismo compatibiliza a produción de madeira de calidade a longo prazo, coa obtención de beneficios intermedios procedentes da cría do gando.

Un tema que recibiu moita atención e suscitou un amplo debate neste apartado foi a forma de financiar a conservación dos bosques e a posta en valor de elementos patrimoniais para uso e disfrute de toda a sociedade, que até o de agora recae, nunha

elevada porcentaxe, sobre os propietarios e propietarias.

Realmente non se está a inventar nada novo, se non que estamos a recuperar os usos tradicionais do monte e aplicarlle as novas tec-

noloxías e vellos coñecementos para facelos máis rendíbeis e sustentábeis.

Neste senso o Congreso Internacional de Valorización do Monte serviu para poñer en común as distintas alter-

nativas e modos de proceder, que se levaron a cabo en múltiples experiencias no ámbito internacional, así como para analizar o presente e discutir sobre o futuro dos montes.



"Outros Aproveitamentos do monte", foi un eixo de debate que abarcou un amplo abano de posibilidades, dende o aproveitamento apícola ata a produción de pequenos froitos, pasando pola recollida de cogomelos, as plantas medicinais, as castañas, noces, e un longo etcetera. Estes aproveitamentos contribúen a diversificar a produción e aumenta-los ingresos complementarios.

Manuel Docampo Paradela, Responsábel do Sector Vitivinícola no SLG

REMATEMOS COA ESPECULACIÓN NO SECTOR DO VIÑO

Os prescritores, a hostalería e as mentiras están convertendo o viño nun produto elitista, no lugar de procurar o aumento dun consumo moderado asociado as comidas sans no entorno familiar. A maior parte dos cartos que move o sector van parar ás multinacionais do fitofármaco, á hostalería, á gran distribución, á industria elaboradora e prescritores;

sendo o beneficio máis pequeno para as persoas que coidan das videiras para uvas de vinificación. Cada euro que ingresa o viticultor/a polas súas uvas multiplícase por tres na elaboración, pasando pola distribución que lle gaña dun 35 a un 50%, e finalmente chega á tenda con outro 35/50% máis, ou á hostalería que cobra o 300% máis.

É fundamental que os produtores e produtoras de uvas teñamos os pés na terra, non nos deixemos envolver por toda a parafernalia que se monta a partir do noso traballo e defendamos o noso carácter labrego por riba de todo.

ORGULLO DE BOA VITICULTURA

As bambolinas e decorados que se montan son un bo refuxio para que os comediantes (prescritores, sumilliers, revistas especializadas, críticos, clubs de viños...) podan vivir do conto.

As mulleres e os homes que traballamos no sector non somos uns escollidos, non somos diferentes doutros sectores de labregos e temos que sentirmos orgullosos de traballar a terra e de producir calidade, pero temos que procurar que non nos despisten con chorradas mentres nos meten a man no peto.

Precisamos vivir dignamente do noso traballo e normalizar o sector dando unha maior transparencia ao consumidor/a para que vexa claramente quen leva a maior tallada, que é o que se oculta detrás dunha copa de viño e o porqué de tanta comedia.

O viño ten que ser unha bebida para o pracer dos sentidos e non para presumir.

O BRANQUEO DE DIÑEIRO

Neste mar de confusión e mentira creado a propósito resulta moi fácil o branqueo de diñeiro, isto provocou un medre desorbitado nalgunhas comarcas, cunhas inversións

excesivas para os volumes de beneficio que poden xerar.

O feito de que vai uns anos en Rias Baixas as uvas chegasen a alcanzar prezos desorbitados (incluso por riba de 4€/Kg) foi provocado pola necesidade de xustificar gastos da industria elaboradora e non pola necesidade de dotarse de materia prima para vinificar.

A boa consideración social que de antigo tiña o sector é utilizada polas xentes do contrabando, do ladrillo e doutros sectores económicos para investir.

O NOSO INIMIGO É O NEOLIBERALISMO

Os técnicos e catadores son educados nuns gustos e pautas de calidade interesados e condicionados pola grande industria do sector e pola industria farmacéutica.

Estas multinacionais non só intentan dominar a produción, a elaboración e a comercialización, tamén intentan controlar os gustos da xente.

O feito de transmitir insistentemente que pouca xente entende de viño está motivado pola necesidade do neoliberalismo económico de limitar a uns poucos "escollidos" a capacidade de decidir sobre os gustos da xente e de indicarlle que produtos deben consumir.

A maior parte dos consumidores e consumidoras de viño temos interiorizado que non entendemos, e incluso ocultamos os nosos gustos por medo a parecer ignorantes.

Desa debilidade do consumidor se aproveitan os sumilliers e se alimentan os prescritores.

Todo isto forma parte deste modelo neoliberal imperante que o único que pretende é a acumulación de poder e riqueza nas mínimas mans posíbeis xerando un extracto de súbditos facilmente manexábeis.

Este modelo capitalista é o que hoxe está

en crise, e na reflexión desta crise -no Sindicato Labrego Galego- temos que analizar como o sector do viño é enganado historicamente para que acabe en mans de catro, e temos que usar esta reflexión para crear mecanismos de defensa contra este modelo contrario aos nosos intereses.

O PAPEL DAS INSTITUCIÓNS

Dende as institucións -sexan da cor que sexan- poténciase o medre económico dos grandes dándonos aos pequenos facilidades para o abandono no marco da OCM ou potenciando ir ao medre en base a un grande endebedamento.

Asóciase a rendibilidade aos grandes investimentos e ao endebedamento, e non á capacidade de traballo, á estratexia de evitar intermediarios ou ao empeño por reducir gastos e por mellorar o prezo de venda do produto.

BUSCANDO ALIANZAS

O sector produtor labrego será necesario para a industria elaboradora na medida en que lle saia máis barato que manter o viño propio e/ou mentres os consumidores/as non asuman a deslocalización do viño e non vexan con bos ollos o traer as uvas ou o viño de países terceiros onde os custes de produción son moi baixos.

As pequenas e a medianas adegas independentes están sendo absorvidas ou arruinadas polas multinacionais no proceso de acumulación capitalista.

Para defendernos desta ameaza é importante establecer alianzas entre os viticultores/as, pequenas e medianas adegas -que non asuman a lóxica capitalista-, a hostalería independente e os consumidores/as.

Pero primeiro de nada temos que asumir dentro do SLG o que está acontecendo co sector e explicarllo ó resto do sector produtor e ós pequenos elaboradores.

Fracasa a Declaración da Galiza zona libre de transxénicos

Cómpre o apoio da cidadanía galega para parar este ataque á nosa biodiversidade

A Plataforma Galega Antitransxénicos (PGA) seguiu de preto o debate da Proposición non de lei para a Declaración de Galiza Zona Libre de Transxénicos. No exterior, medio cento de persoas denunciaron a forza coa que as multinacionais farmacéuticas, comercializadoras das sementes transxénicas, presio-

nan por converter o noso País no seu campo de experimentación. A coexistencia de cultivos transxénicos e tradicionais é imposible. Queremos manter as nosas especies autóctonas, os nosos modelos de produción, a autonomía que nos dá ser don@s das sementes, da alimentación, da supervivencia.



A Secretaria de Medioambiente, Terra e Montes do SLG, Charo Sánchez Parga -segunda pola esquerda- asistiu, canda outr@s representantes da PGA, ao debate da Proposición non de Lei para a Declaración da Galiza Zona Libre de Transxénicos, que tivo lugar o pasado 26 de novembro no Parlamento.

Coñecidos por estar alterados para resistir plagas -que en ocasións nin sequera existen na Galiza: a transnacional Monsanto queren vender millo resistente ao taladro-, estes vexetais tamén modificados xeneticamente para non dar novas sementes, obrigan a labreg@s de todo o mundo a depender das multinacionais.

A produción intensiva de cultivos transxénicos xa é unha realidade asentada en países de Latinoamérica e Asia, onde os Gobernos non poñen pegas ao sistema de man de obra labrega escravizada e expos-

ta permanentemente ás sustancias tóxicas que precisa este tipo de cultivo.

Vinculados estreitamente á produción de agrocombustíbeis, a líder do Movemento Agrario e Popular do Paraguai (MAP), Gilda Roa, retratou nun encontro mantido co SLG¹ o pasado mes de xuño, a violencia que arrodea esta instrumentalización da produción agrícola co obxectivo de obter grandes cantidades de vexetais de calidade ínfima e mesmo nocivos para a saúde.

Tras anos de implantación de cultivos transxénicos, o resultado está á vista: labregas e labregos expulsad@s das súas terras, condicións precarias de traballo, perda de variedades autóctonas, efectos negativos na saúde d@s consumidores/as ratificados por estudos científicos, falta dun posicionamento unánime por parte dos gobernos europeos, alarma social e industrialización da alimentación arrincándoa das mans da poboación.

Covardía Política

Trala covardía mostrada pol@s parlamentari@s que nos representan, ao non seren capaces de facerse eco das demandas da cidadanía e escurrir o bulto deixando á vontade da Xunta de Galiza a posta en marcha dunha serie de medidas laxas e contradictorias aprobadas o 26 de novembro no Parlamento Galego, a PGA vén de solicitar entrevistas cos máximos responsábeis do goberno galego: Emilio Pérez

Touriño e Anxo Manuel Quintana González.

Nesta reunión trasladarémolles ao Presidente e Vicepresidente da Xunta de Galiza que cómpre clarificar con urxencia as ferramentas que haberán de garantir a posta en marcha do texto consensuado polos grupos parlamentares, xa que ademais de non cubrir as demandas do pobo galego, a falta de sensibilidade demostrada polos grupos políticos denotou o risco de que estas mínimas consideracións nin sequera se leven a cabo, ficando todo en "papel mollado".

Neste senso, esíxese a creación dun órgano de supervisión e seguimento da aplicación dos puntos recollidos no documento, que ineludiblemente haberá de contar con presenza da cidadanía galega, representada a día de hoxe na PGA, que arestora agrupa máis dunha trintena de colectivos e organización sociais da Galiza.



Concentración no exterior do Parlamento.



INFORMACIÓN

www.galizasentranxenic.org
info@galizasentranxenic.org

Atoparás a documentación seguinte no local do SLG da túa comarca:

■ Informe da comisión de Dereitos Humanos da ONU no que se denuncia que a introdución de OMX's na agricultura supón a dependencia d@s labreg@s respecto das multinacionais.

■ Informe: **Quen se beneficia dos cultivos transxénicos?** Análise de 10 anos de cultivo (1996-2006). Demostra que nin solucionan a fame no mundo, nin producen máis. Pódese solicitar no enderezo info@foei.org.

■ Informe final da Alta autoridade francesa para OMX's no que se baseou a prohibición francesa do cultivo do MON810 (cultivado no Estado español).

■ Estudo que revela que os ratos alimentados con millo transxénico MON810, sofren danos no intestino: <http://pubs.acs.org> on November 21, 2008.

■ Informe científico do Goberno de Austria sobre os danos na fertilidade de ratos por millo transxénico NK603 X MON810: <http://www.tierra.org/spip/spip.php?article666>.

■ Artigo científico no que se demostra que a coexistencia é imposible e impide a libre elección d@s labreg@s. **Coexistencia de prantas e coexistencia de labreg@s: É posible unha elección individual?** Rosa Binimelis, Journal of Agricultural and Environmental Ethics, Abril 2008.

■ Vídeo do encontro entre a Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego, Carme Freire, e a líder do Movemento Agrario Paraguai (MAP), Gilda Roa, no que se abordan as dramáticas consecuencias que os cultivos intensivos de soia transxénica para agrocombustíbeis están a ter para os labregos e labregas paraguai@s. <http://video.google.com/videoplay?docid=2228810255798761291>

■ ¹Ver sección Agroecoloxía do Fouce nº264 correspondente ao mes de xuño do 2008.

O SLG alertou da inclusión de millo transxénico no Rexistro de Variedades Comerciais O Goberno estatal véndenos á polémica multinacional de transxénicos Monsanto

O Boletín Oficial do Estado (BOE) nº273 correspondente ao 12 de novembro do 2008, especifica na *ORDEN ARM/3236/2008, de 24 de outubro*, a inclusión de diversas variedades vexetais modificadas xeneticamente pola polémica multinacional MONSANTO no *Registro de Variedades Comerciales* permitidas no Estado español.

Trátase das variedades de millo transxénico 20070076 Consuelo YG (OGM-MON810), 0050332 EC6303EZA1 (OGM-MON810) e a inscrición provisional 20070175 PR32D80 (OGM-MON810).

Dende o Sindicato Labrego Galego reiteramos a denuncia da perigosidade que os alimentos modificados xeneticamente constitúen para a saúde tanto animal como humana.

Posto que a propia comunidade científica non mantén un posicionamento unánime perante dos organismos modificados xeneticamente (OMX's), o SLG considera que debería primar por parte dos gobernos o principio de precaución e a non autorización.

Non nos atopamos somentes perante da permisividade cos cultivos experimentais na Galiza, feito diante do cal a sociedade galega vén de se pronunciar contraria reiteradamente, senón que mediante a publicación desta *ORDEN ARM/3236/2008* outórgase o consentimento para a súa comercialización, permitindo polo tanto a sementeira de campos transxénicos no noso País.

Devandita permisividade é a materialización da grande ameaza que se cerne sobre Galiza, un territorio maiormente rural, que conta con variedades autóctonas de millo, e cuxas plantacións sufrirían inevitavelmente a contaminación destes organismos alterados xeneticamente. A coexistencia é imposible.

A menos dun mes de que no Parlamento galego sometese a debate unha moción para a declaración da Galiza como zona ceibe de transxénicos, o pronunciamiento do MARMA supuxo un anuncio, coidamos que "non casual", que moi posibelmente condicionou o proceso de debate parlamentar na Galiza.

Dende o Sindicato Labrego Galego, condenamos esta escandalosa supeditación lexislativa aos intereses económicos das multinacionais da alimentación.

O consentimento da comercialización de variedades transxénicas aprobado polo MARMA contraponse á sensibilidade social do pobo galego, constituíndo ademais un acto de irresponsabilidade perante do coidado da saúde pública, deixando á mercede das ganancias das multinacionais a saúde da humanidade.

A aprobación da sementeira e comercialización de millo transxénico constitúe un duro ataque contra a nosa biodiversidade, así como das expectativas para a consecución da soberanía alimentar para Galiza, obxectivo plantexado coma protagonista en recentes foros sociais (Marcha Mundial das Mulleres, V Conferencia da Vía Campesina), aspiración principal do Foro Social Galego que tivo lugar no mes de decembro e obxectivo fundamental da plataforma galega Iniciativa pola Soberanía Alimentar dos Pobos (www.soberaniaalimentar.info).



III Asamblea Mundial de Mulleres durante a V Conferencia Internacional da Vía Campesina

Campaña contra a violencia machista

A Vía Campesina, na V Conferencia que tivo lugar en Mozambique, acordou iniciar unha loita mundial contra os diferentes problemas que confrontan as mulleres labregas, tales como a dependencia económica, a discriminación de xénero, o abuso contra o corpo das mulleres e, en xeral, todo tipo de agresións.

A sensibilización verbo das causas, dos procesos e das consecuencias da violencia, así como a presión sobre os diferentes gobernos e institucións internacionais para acabar con esta lacra social convértese en dous dos principios eixos de traballo.

A dirixente chilena, Francisca Rodríguez, salientou que nesta loita cómpre comezar por abrir as nosas propias casas e incidir en catro piares fundamentais: a independencia económica, a decisión sobre o noso propio corpo, a participación das mulleres nos espazos de decisión e a eliminación da violencia, dado que se trata do pilar fundamental para asegurar o modelo de dominación sobre as mulleres.



III Asamblea Mundial de Mulleres da Vía Campesina, na que arredor de 200 participantes de África, Asia, Europa e América botaron a andar unha campaña de ámbito mundial contra a violencia que afecta ás mulleres, coincidindo coa celebración da Quinta Conferencia Internacional da Vía Campesina.

Aínda que o machismo ten unha existencia histórica, constátase que o modelo neoliberal aumenta as situacións de violencia sobre as mulleres e as nenas das zonas rurais

Co gallo da V Conferencia Internacional, o día 17 de outubro comezou a III Asemblea Mundial de mulleres da Vía Campesina, con un percurso histórico polas asembleas e comisións de mulleres para continuar cunha homenaxe a diferentes compañeiras que loitaron dende hai moitos anos para atinxir espazos de participación para as mulleres.

Isabel Vilalba, Secretaria de Servizos ao Rural e Soberanía Alimentar e responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG, acudiu a este encontro e salienta os estremecedores testemuños das mulleres sobre a violencia así como a coincidencia total entre mulleres de diferentes países, sectores, razas e idades sobre as profundas relacións entre o capitalismo-neoliberalismo e o patriarcado, con elementos en común como a explotación das persoas, a competitividade, e a mercantilización da vida;

e aínda que o machismo ten unha existencia histórica, constátase que o modelo neoliberal aumenta as situacións de violencia sobre as mulleres e as nenas das zonas rurais.

As mulleres de Mozambique, denunciaron as terribes consecuencias en África dos procesos bélicos e dos modelos capitalistas dominantes. O 80% da poboación de Mozambique vive na zona rural e non dispoñen das condicións mínimas para producir os alimentos necesarios para alimentar ao seu pobo. Wilda Tarigan, de Indonesia, denunciou como no seu país, un dos maiores produtores de aceite de palma, non poden acceder a aceite para coziñar, así a comida necesaria para alimentar as persoas pasa a empregarse nos coches.

As mulleres da Vía Campesina expresaron o seu compromiso na loita por unha Reforma Agraria Inte-

gral, para eliminar todas as formas de violencia xeradas polos modos de produción capitalista, que están na causa da crise de alimentos no mundo, do cambio climático, do avance dos monocultivos, dos produtos transxénicos e do dominio absoluto dos agronegocios.

A participación nas organizacións da Vía Campesina, coa loita pola equidade de xénero, os procesos de desenvolvemento e a soberanía alimentaria, consolídase como a ferramenta fundamental para rematar co dominio sobre as mulleres, a pobreza, a falta de alimentos, a explotación, e o avance do neoliberalismo; que está mesmo na causa de guerras, da venda do corpo das mulleres e de moitos procesos de violencia.

As mulleres esixiron o final do sistema patriarcal e de todas as súas expresións discriminatorias, o dereito a unha vida digna e á participación cidadá, o respecto aos seus dereitos sexuais e reprodutivos, así como o remate de todas as formas de violencia e das prácticas de feminicidio que persisten.

Pedímoslles a tod@s@s compañeir@s que se sumen a esta loita por un mundo sen violencia, pola igualdade, pola vida, pola terra, polos territorios, pola Soberanía Alimentaria, pola xustiza e pola dignidade.

Mulleres: coidando de todo e de tod@s

Revélese unha falla de compromiso por parte dos homes á hora de capacitárense para o coidado das persoas maiores

A defensa duns ingresos dignos para as labregas e os labregos deste país e políticas axeitadas para o noso agro son obxectivos fundamentais do traballo diario no Sindicato Labrego Galego, que tamén considera prioritaria a consecución de servizos públicos de calidade no medio rural, na procura do dereito a termos unhas condicións de vida axeitadas para a infancia, as persoas maiores e, en definitiva, toda a poboación do rural.

No noso medio é especialmente alto o número de persoas maiores, recaendo os seus coidados esencialmente sobre as familias e, de xeito especial, sobre as mulleres. A falta de infraestruturas e de servizos para o coidado da xente de máis idade é unha carencia histórica no rural, así como a necesidade de recoñecer e aproveitar todos os saberes e valores das nosas persoas maiores, ás que lles debemos en gran medida moitos dos bens e dereitos dos que dispoñemos na actualidade.

No mes de setembro púxose en marcha o convenio de colaboración entre o Sindicato Labrego Galego e Solidaridad Intergeneracional, organización de ámbito estatal que dirixe as súas actuacións ás persoas maiores e familiares de zonas rurais. As actividades que se iniciaron en base a dita colaboración son as seguintes:

■ Cursos de formación dirixidos a coidadoras e coidadores de persoas en situación de dependencia. O primeiro deles, de 30 horas, tivo lugar na comarca de Meira e priorizaba os aspectos psicosociais do coidado, tales como a comunicación, a resolución de conflitos e o autocoidado. Un dos aspectos máis importantes deste curso foi a posta en común das distintas experiencias das asistentes, coidadoras profesionais e non profesionais; creouse así un grupo de traballo no que as participantes compartiron dúbidas, problemáticas, solucións, expectativas, etc.

■ O segundo curso, aínda en marcha, pertence ao programa FORCEM e estase a desenvolver en Rois ao longo de 125 horas. Neste caso, presenta un enfoque máis amplo que abrangue aspectos sanitarios, psicosociais, laborais, alimentarios... Para tratar estes temas e darlle ao curso unha vertente máis práctica, cóntase coa visita de diferentes asociacións e profesionais vencellados ao tema.

■ Charlas informativas sobre a Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en situación de Dependencia (Comezou a funcionar en xaneiro



Asistentes ao Curso de Formación Psicoeducativa en Meira.

As mulleres están sendo as protagonistas do conxunto das actividades organizadas en colaboración con Solidaridad Intergeneracional, amosando a súa maior participación e vinculación cos temas tratados, confirmando que son as mulleres as que seguen asumindo o peso e a responsabilidade do coidado. De feito, en Galicia máis dun 70% das persoas coidadoras non remuneradas son mulleres, realidade que debe ser visibilizada e valorizada pola súa importante función social e, por suposto, completada coa presenza dos homes.

do 2007) e cursos de iniciación ao manexo de ordenadores para persoas maiores. Para desenvolver estas actividades, debuxouse un percorrido por distintos concellos e parroquias de todo o mapa galego, estruturado ao redor dos grupos comarcais do Sindicato Labrego Galego.

Ademais do aspecto informativo e formativo, estas actividades teñen como obxectivo o de recoller as necesidades e problemáticas específicas das persoas maiores, e identificar as dinámicas de aplicación que está tendo a Lei da Dependencia nas zonas rurais así como os problemas ou limitacións sentidas polas propias persoas interesadas.

Tarifa social aplicable aplicable aos suministros domésticos en baixa tensión

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ven de publicar no BOE a Orde ITC/1857/2008, pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir do 1 de xullo de 2008.

Créase a tarifa social que se aplicará aos suministros domésticos en

baixa tensión contratados por persoas físicas, cumprindo que o suministro este destinado á vivenda habitual do titular e que a potencia contratada sea inferior a 3 KW e teña instalado o correspondente ICP.

Axudas para o fomento e mellora do cabalo de pura raza galega

Poderanse acoller a estas axudas as asociacións sen ánimo de lucro de criadores da raza de cabalo de pura raza galega e as entidades sen ánimo de lucro cuxo obxecto estea relacionado co sector equino e que desenvolvan actividades con cabalos de pura raza galega.

Os/As beneficiarios/as destas axuda poderán percibir contías que oscilan entre o 100% e o 40% do investimento subvencionable sen superar as contías máximas recollidas na Orde de convocatoria de axuda.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto dende o 12 de decembro de 2008 ao 12 de xaneiro de 2009.

Axudas a empresas para a promoción e mellora da comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos

A Consellería do Medio Rural ven de publicar no DOG as axudas dirixidas a empresas privadas para realizar actuacións na promoción e mellora da comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos.

Beneficiaránse destas axudas as empresas agrarias e agroalimentarias

excluídas as do sector forestal.

As axudas consistirán en subvencións de ata o 60% dos investimentos considerados como subvencionables.

O prazo para presentar a solicitude de axuda xunto coa documentación necesaria rematará o 31 de xaneiro de 2009.

Axudas para a incorporación de mozas e mozos e Plans de mellora

O martes 23 de decembro abriuse o prazo para solicitar axudas para a mellora da eficacia e sustentabilidade das explotacións agrarias e para a incorporación de novos activos agrarios.

Establécense para o ano 2009 dous prazos de solicitude:

1º Dende o 2 de xaneiro ata o 15 de febreiro, ambos os dous inclusive.

2º. Do 16 de febreiro ata o 31 de maio, ambos os dous inclusive.

Para obter máis información e tramitar as axudas ponte en contacto co local do SLG na túa comarca.

Indemnizacións por sacrificio obrigatorio de gando nos programas de control e erradicación de enfermidades animais

Poderán ser beneficiarios/as das indemnizacións:

Os/as titulares dos animais que se sacrifiquen por reaccionaren ás probas diagnósticas de tuberculose bovina, brucelose e lingua azul no gando vacún, ovino e cabrún ou por ter convivido con animais enfermos e que sexan considerados sospeitosos polos veterinarios actuantes.

Os titulares dos animais e os seus

produtos de calquera especie sacrificados e/ou destruídos por motivos de sospeita e/ou confirmación da presenza dalgunha das encefalopatías esponxiformes transmisibles.

Os titulares dos animais e produtos da especie Gallus gallus sacrificados/destruídos dentro do programa nacional de control de salmonela. ou pola aparición dun foco de influenza aviaria.

Cesións temporais de cota láctea para o período 2008/2009

O Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino acordou a apertura do prazo para a presentación de solicitudes de autorización de cesións temporais de cota láctea.

Poderán presentarse solicitudes de autorización ata o 28 de febreiro de 2009, inclusive.

SE TES UNHA AXUDA DE INCORPORACIÓN OU PLAN DE MELLORA E O BANCO CO QUE TRAMITACHES PRÉSTAMO ESTÁ A POÑERCHE PROBLEMAS, ACUDE AO TEU LOCAL DO SLG MÁIS PRÓXIMO. PRECISAMOS SABER DE TODOS OS CASOS PARA PRESIONAR E RESOLVER ESTA GRAVE SITUACIÓN DE ABUSO.

Modificado o prazo de xustificación das axudas para a promoción, modernización e dimensionamento do asoacionismo agrario na Galiza

Os gastos correspondentes á anualidade 2008 deberán xustificarse antes do 30 de decembro de 2008, no obstante, poderase conceder, por pedimento xustificativo do interesado realizado antes da finalización realizado antes da finalización do prazo establecido en cada anualidade.

Axudas para a realización de probas para determinar a calidade xenética, o rendemento do gando leiteiro e a realización de técnicas ou prácticas innovadoras no ámbito da de gando vacún frisón

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas as entidades asociativas agrarias e as entidades locais de ámbito provincial que reúnan os requisitos recollidos na Orde de convocatoria da axuda.

A contía da axuda oscila en función

da liña de axuda solicitada entre o 70% e o 40% dos custos.

O prazo para presentar as solicitudes rematará o vindeiro 17 de xaneiro de 2009.

Axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios

Poderán acollerse a estas axudas as persoas físicas ou xurídicas, que teñan unha actividade económica, sexan titulares das instalacións obxecto da axuda, e sobre as que recaiga a carga financeira dos investimentos e gastos que se consideren subvencionables.

A contía da axuda oscila entre o 25% e o 50% en función do solicitante e o

investimento realizado.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 31 de xaneiro de 2009, no caso de que o investimento inclúa a construción de novas superficies cubertas ou ampliación das existentes o solicitante terá un prazo adicional ata o 30 de abril de 2009 para presentar a preceptiva licenza de obras.

Subvencións para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común

Poderán beneficiarse destas axudas os titulares de montes veciñais en man común así como as súas agrupacións e mancomunidades.

Establécense dúas liñas de subvencións: subvencións para a xestión da biomasa nos montes veciñais en man común

así como nas de vías e camiños forestais incluídos neles e subvencións para a construción de puntos de auga nos montes veciñais en man común.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 16 de xaneiro de 2009.

Compensacións complementarias pola aplicación de programas de erradicación de enfermidades dos animais

Poderán ser beneficiarios/as das axudas os titulares das explotacións en que se sacrificasen ou destruísen, de forma preventiva, todos os animais por motivos de sospeita e/ou confirmación da presenza dalgunha enfermidade sometida a un programa oficial de control e/ou erradicación.

Os/as beneficiarios/as poderán recibir unha compensación por ingresos non percibidos de acordo co establecido nos seguintes artigos desta orde.

Axudas para a compra de gando para reposición como consecuencia do sacrificio en execución dos programas de control e erradicación de enfermidades

Poderán acceder a estas axudas as persoas físicas ou xurídicas, titulares de explotacións de gando en que se ordenase o sacrificio obrigatorio de bovinos, ovinos ou cabrúns existentes na explotación como consecuencia do diagnóstico dunha das enfermidades sometidas a un programa oficial de control ou erradicación, así como daquelas explotacións onde morreron os animais por mor dunha enfermidade sometida a un programa oficial de control ou erradicación.

Axudas á apicultura

Poderán beneficiarse destas axudas aquelas persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións apícolas, cooperativas apícolas e organizacións representativas con personalidade xurídica propia integrados na súa maioría por apicultores.

A contía das axudas oscila entre o 50% e o 85% en función do investimento realizado.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda remata o 15 de xaneiro de 2009

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Vaca pasiega, media idade, preñada.
TLF: 982 17 94 44

Pala de tractor para Jonh Deere 35-40 ou 50. De enganche rápido. Modelo BMH 6,000-4xD, nº10802.
TLF: 986 580 990 e 678 079 473

Alpacas de herba seca grandes, ben colleita, ano 2008. MESIA, A Coruña.
Telf: 981 68 71 02
(José Manuel)

Puntos de vacas nodrizas. Oroso, comarca de Ordes.
Telf: 981 69 45 73. (Pilar)

Becerras Rubias e 3 becerras Asturianas de Los Valles
Tlfno: 982 39 10 08

Pala cargadora para tractor marca: BMH. Modelo: 6000 4XD/2
TLF: 986-580990/678-079473

Mel multifloral de colleita propia do interior da provincia de Ourense.
TLF. 685 977 783

Pala dun tractor (marca TENIAS B2) en Vilalba.
TLF:664/65-24-69

Rolos de herba seca e pan de centeo.
TLF.: 676168523

HERBA SECA E SILO
TLF: 982 / 50.57.98
"Santa Cristina - Cospeito"

Pincho para carregar rulos de palla e carretillas marcas: CATERPILLER e TOYOTA de 2.500 kgs, triple mástil, elevación libre e desprazador lateral.
TLF: 650 01 92 75

Xaulas de coellos, completas e en bo estado. moi baratas.
TLF: 988-45-74-00 (Chamar pola noite)

Máquina de sementar millo de cinco regos.
TLF: 676 227 645.

Autocargador con rotativa MORRA.
TLF: 636.650.908

Rexistradora SHARP, modelo XEA 301. Seminova e en moi bo estado.
TLF: 696329600- 653439147

-Rolos de herba seca en Cospeito.
TLF: 982 50 57 55

Esterco de vaca misturado con toxo.
TLF: 646074892 e 988401304
San Amaro (Ourense)

Leña de carballo.
Tlf: 686 304 118
(Xosé Manuel)

Desensiladora marca MULLOS, en bon estado.
TLF: 676 227 645.

Sala de Ordeño marca Manus de 5 puntos en espiña de pescad. Véndese Silo para pienso de 5000kg.
TLF: 982 164 225 / 649 310 981

Rastrillo marca VALLE e sulfatadora marca JABARA
TLF. 982 150 121 (Suso)

Citroen ZX 1.9 diesel do ano 95, en moi bo estado.
TLF: 986 580 990 / 678 079 473

-Enfriadeiro 500 litros semi-novo
-Véndese circuito de ordeño 3 puntos de ALFA LEVAL semi-novo.
TLF: 982 144 078
(Divina - chamar ao mediodía ou noite)

-Tanque do frío de 650 L
- Mollo para ensilar, 7 Ha Finca en transición a ecolóxico na zona de Melide.
TLF: 639 512 823

Egua de pura raza española. Bo prezo.
TLF. 636 096079

Por abandono de explotación:
-Rotativa de 1.65m
-Cisterna 3300 L
-Circuito 3 puntos
-Tanque do frío de 550 L
TLF:660-48-58-56
Zona de Boimorto

Remolque esparcidor de esterco (abonador) de 8 m3 ; 1.500€ ; ou troco por un mais pequeno.
TLF: 605676351. (Isidro)

Herba seca ben recollida.
TLF.: 981 198 715

Touro Lemousine moi dócil.
TLF: 615 414 106

-Remolque autocargador de foraxes con picador
-Marca POTTINGER, modelo EUROPROFI2.
TLF: 645 972 617

Monovolume 7 plazas. Hunday SVX H1 2500cc turbo-diesel, dirección asistida, 94800 Km 8 anos. Metalizado. Moi bo estado.
TLF.: 699 334 378

Can pastor alemán con pedigree.
TLF: 630-75.72.72

Empacadora BAYER. A máis estreita do mercado.
TLF: 649016125

Arado de tres regos, marca KHUN. En bon estado.
TLF: 690 828 935

Viño caseiro e augardente.
TLF: 986 689 486 (Ana)

-Sala de ordeño marca WESFALIA de cuatro puntos con descarga y lavado automático
-Dous medidores de tanque frío JAPI de 650 litros.
TLF: 982 / 52-74-06

Trigo do País
TLF.: 696 66 00 23
(Xosé Manuel)

Colmeas
TLF.: 690 621 870 (Isabel)

Excavadora articulada de 105 CV mixta e con enganche rápido diante e atrás. Bo estado.
TLF.: 981 199 048 (Chamar ao mediodía ou pola noite)

Fanse traballos en pozos artesanos (limpezas, afondar, emparedar...)
Presuposto sen compromiso.
TLF.: 662 084 529

-Rolos de herba seca. Provincia de Lugo.
TLF.: 655 454 367

-Tractor "Case" de 130 cabalos modelo "siso"
-Remolque esterco
-Cargador rotativo "Basso"
-Tractor Masey 178 con pala e bomba hidráulica adicional .
TLF. 676 600 399

-Touro Lemousine moi manso
TLF's: 986 586 622 /615 414 106

- Vacas de carne por abandono.
- Opel Astra 1700-turbo-diesel; 11 anos e en bo estado, con enganche para remolque. Zona de Arzua.
TLF: 626 315 059

Empacadora MASSEY-FERGUSON 122 con levantamento hidráulico de 1.80m
TLF. 986 58 40 70

- Autocargador segador rotativo BONNINO AB45.
- Rotativa MEYER de 1.85m de corte.
Ambos en bon estado de uso.
TLF.: 661 332 991 / 982 345 011

Rebaño de vacas cachenas.
TLF.: 605 897 352 (Jesús)

Batidor de purín e un potro mecánico.
TLF.: 982 150 121 (Suso)

OFERTA E DEMANDA

EMPREGO

Búscase traballador/a para explotación agraria.
Zona entre Alto Xestoso e Xermade.
TLF: 627 950 681.

-Ofrécese peon para traballos agrarios e forestais.
- Fanse traballos de plantacións, podas, desbroces de fincas e montes.
TLF.: 686 753 105.

Ofrécese traballador para explotación.
TLF: 629 973 867

Procúrase parella para traballar en explotación en Rois. Contrato indefinido.
TLF: 649 541 898 (Rafael)

COMPRAS

Silo de pienso con capacidade de arredor de 6000 Kg.
TLF: 986 58 40 70

Mércase sementadora de patacas.
Telf: 981 66 92 50

OUTROS

Arréndase cota láctea, 30.000kg
TLF: 981 19 68 32
ZONA MONFERO

Arréndanse instalacións de explotación gandeira.
TLF: 981 622 950 - 685 180 025 - 675 720 485.
ZONA SADA

Cambio xenerador de 650 wattios por un máis potente.
TLF: 689 752 400

Fanse traballos de restauración de madeira en horreos e vivendas (vigas, puntos,...)
Presuposto sen compromiso.
TLF: 654 517 429 (JESÚS).

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada ou no correo electrónico premsa@sindicatolabrego.com. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quíntanse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Víños, augardentes e licores galegos con denominación de calidade

*Hai etiquetas
que distinguen
a túa vida*



Distingue a túa vida

Ti sabes converter as boas ocasións en momentos únicos. Disfrutas apreciando toda a calidade e a personalidade que nace das viñas da túa terra. Por iso, elixes víños, augardentes e licores galegos con denominación de calidade.

Porque sabes que hai etiquetas que distinguen a túa vida.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

